

PLAN ESPECÍFICO DE ACTUACIÓN ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No desenvolvemento do Plan Específico de Actuación co alumnado especialmente vulnerable, será preceptivo realizar a principios do vindeiro trimestre unhas sesións de comprobación e desenvolvemento das familias no uso das aulas virtuais.

Sesións de práctica: a principios do 3º trimestre acordarase coas familias do alumnado con NEAE cando menos unha sesión de práctica na conexión. Estas sesións de práctica coas familias servirán para a comprobación do funcionamento dos apoios e tamén para perfilar o xeito de intervención e as liñas metodolóxicas que se seguirán.

Estrutura do Plan Individualizado:

Docencia en liña:

No caso de confinamento de determinado alumnado que se ataña as características de vulnerabilidade descritas na resolución de 18 de febreiro de 2021, os apoios que o profesorado especialista de Pedagogía terapéutica (PT) e /ou Audición e Linguaxe (AL) darían de xeito presencial, levarano a cabo de maneira telemática na mesma sección horaria asignada, tal e como explicitan os horarios espello do noso centro educativo.

A intervención con este alumnado vulnerable respectará:

- a. As indicacións reflectidas nos devanditos informes psicopedagóxicos.
- b. As liñas marcadas no plan de intervención.
- c. Unha temporalización de polo menos 14 días.

As sesións variarán sendo necesaria a colaboración da familia, á cal se lle enviarán cando menos cun día de antelación os materiais a tratar na sesión indicada.

Será preciso ter en conta períodos de descanso despois de cada intervención de cando menos 15 minutos cada 30, debido ás dificultades de concentración, atención e inhibición que o alumnado que esta instrución cataloga coma vulnerable ten no noso centro.

Pola casuística do alumnado do CPI A Xunqueira non se ve coma preciso que o persoal coidador realice intervencións telemáticas, pero instarase ás familias a solicitar asesoramento e intervención do mesmo, se o cren necesario, sendo filtrada esta consulta pola xefatura de estudos ou xefatura do departamento de orientación, para verificar a súa viabilidade e adecuación ás súas funcións.

Recursos necesarios para garantir o ensino virtual:

Cando os recursos sexan de difícil xeneralización, proporcionarase a cada familia o asesoramento que precise. Estes recursos veñen explicitados no Plan de Intervención Individualizado: Sistemas Alternativos e/ou Aumentativos de Comunicación na linguaxe escrita, adaptacións de cadeiras, etc

Poñerase especial coidado en evitar unha saturación de tarefas escolares nos domicilios, en especial cando estas requiran un coñecemento máis profesional.

A familia para o alumnado NEAE será sobre todo un apoio emocional para o alumnado, podendo exercer un rol de andamiaxe na medida do posible.

Adecuación das programacións didácticas e /ou adaptacións curriculares: neste apartado distinguiremos dúas casuísticas:

a. Na etapa de Educación Infantil e Primaria :

O traballo dende a titoría co alumnado vulnerable (que presenta NEAE) deberase reducir nos contidos e tratamento dos mesmos, para evitar a saturación que xera o traballo online e as dificultades destacadas anteriormente neste alumnado. Deberase seleccionar a “cantidade” de materia a impartir reducindo esta e planificándoa de xeito estratéxico.

Ademais tal e coma establece a orde ECD/65/15 os criterios para traballar na educación primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato de xeito integrado os contidos, competencias clave e criterios de avaliación, destacamos:

- No eido lingüístico de acordo co establecido no Decreto 105/14 que regula o currículo da Educación Primaria, e partiremos do exposto no proxecto educativo respecto ao Currículo Integrado das Linguas,

aglutinando conceptos, temáticas, ... e promovendo a comprensión e expresión oral, ademais do fomento da lectura.

- Promoverase o traballo da Competencia Matemática e en ciencia e tecnoloxía principalmente, na área matemática.

b. Na etapa de Educación Secundaria:

No caso deste alumnado vulnerable a atención do mesmo recaerá sobre a mestra de pedagogía terapéutica e a respectiva atención do profesorado de cada materia, tal e coma se establece nos horarios espello do centro.

O tratamento das competencias realizarase como se establece no apartado anterior coas oportunas adaptacións metodolóxicas que marca a situación.

Alumnado en situación de escolarización combinada:

Ademais da preceptiva coordinación co centro específico, requirirase unha maior colaboración da familia que deberá na medida do posible:

- Levar a cabo as adaptacións do entorno que sexan precisas.
- Utilizar as anticipacións e controladores visuais utilizados condutualmente e na aprendizaxe da alumnado.
- Colaborar na preparación dos materiais e de cada sesión na aula.
- Aquelas especificacións reflectidas pola mestra de PT e indicadas no Plan de intervención.

Aspectos a ter en conta nas reunións de coordinación:

Neste plan específico de actuación para alumnado vulnerable deberemos ter en conta:

a. Necesaria coordinación entre compoñentes do Equipo de Atención á Diversidade (mestras de PT , AL e xefe do departamento de Orientación), titor/a e demais mestres/as especialistas e profesores de materia, no caso de que se produza o confinamento para coordinar:

- Accións metodolóxicas.
- Adaptacións de instrumentos e procedementos de avaliación.

- Comunicación coa familia, que poderá ser canalizada por titor/a ou profesional do EAD, como se determine para cada caso personalizado.
- Adaptacións no agrupamento de contidos a traballar, respecto as modificacións nas programacións didácticas e Adaptacións Curriculares (engadiríamos os programas de intervención de cada mestre/a de PT e AL).
- E todos aqueles aspectos curriculares, psicopedagóxicos e organizativos que se estimen.

b. Necesaria coordinación coas familias/núcleos familiares do alumnado:

No caso de confinamento serán preceptivas ditas coordinacións por parte do persoal docente que atende a este alumnado vulnerable coa familia, a nivel de atención, tratamento e intervención, principalmente realízanse funcións de andamiaxe na intervención con alumno/a dependente de atención.

Responsabilidades de cada axente:

Ademais das funcións que marca a resolución de 18 de febreiro de 2021, desenvolveremos as que por normativa temos coma docentes, buscando unha profundidade na comprensión do alumnado vulnerable respecto a esta situación.

Seguimento e avaliación:

Este plan específico someterase a avaliación establecida no plan xeral polo equipo directivo, e especificamente nas reunión do departamento de orientación, e respecto ao Equipo de Atención á Diversidade e Acción Titorial e orientadora co alumnado vulnerable será obxecto de seguimento polo xefe do departamento de orientación.

ANEXO: PLAN ADAPTADO DO ALUMNADO

Necesidades específicas do alumno/a en diferentes áreas:

(identificar dificultades e habilidades para organizar unha resposta educativa)

1. Que aprender.

- Áreas / áreas (escoller contidos básicos e criterios de avaliación).
- Secuenciación.
- Metodoloxía. Como ensinar.
- Recursos.
- Organización. Horario semanal e diario de traballo.

2. Necesidades e resposta de autonomía.

3. Necesidades e resposta relacionadas coa interacción social.

4. Benestar emocional e necesidades. Respostas educativas.

5. Necesidades e resposta relacionadas coas NEAE

PLAN SEMANAL ou DE QUINCE DÍAS (incluíndo un calendario e horario semanais).

A. Profesionais participantes e división do traballo

Distribución de tarefas e responsabilidades para organizar a resposta do alumno:

PROFESIONAL	TAREFAS
Titor/a	
Profesor/a PT	
Profesor/a AL	
Orientador/a	
OUTROS PROFESIONAIS	

B. Comunicación cos pais ou alumno. Organización.

Determina o calendario e horario semanais de contacto e tamén cos profesionais cos que estarás en contacto.

Modo de contacto (teléfono, correos electrónicos, notas ...

Establece como se avaliará a intervención, como responde o neno ao plan de intervención, se os pais poden levar a cabo a tarefa ben, se é excesiva, moi pouca, o tipo de tarefa ou xogo ... a retroalimentación necesaria para continuar coa intervención máis axeitada (todo en persoa facémolo constantemente e todos os días).

C. Relación con Servizos Sociais, Servizos de Saúde, etc

Con quen?

Cando?

Para que?

D. Datas e forma das reunións de coordinación para supervisar o plan: